

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS TAXI ADAPTADOS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA (EUROTAXI).

OBXECTO

O obxecto desta orde é fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas a persoas titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (eurotaxi).

Poderán ser obxecto de subvención os vehículos novos que se adquiran entre o 16 de outubro de 2018 e a data establecida nesta orde para xustificar a axuda.

O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia non competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

Con cargo a esta orde será subvencionable a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida que reúnan as seguintes condicións:

- a) Deben estar adaptados para o seu uso por persoas con mobilidade reducida. Para estes efectos, os vehículos deberán reunir as condicións previstas no Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan os requisitos básicos de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
- b) Os vehículos deberán ser adquiridos dentro dos prazos fixados na orde.
- c) En ningún caso se admitirán como subvencionables os vehículos de segunda man.

CONTIA DAS AXUDAS

A axuda por vehículo será de 10.000 euros.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Poderán ser beneficiarias das axudas, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou polos Servizos de Mobilidade competentes.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

1. As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde asumen as obrigas recollidas con carácter xeral na normativa de subvencións e, especificamente, as seguintes:

- a) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- b) Obriga de permitir que a Dirección Xeral de Mobilidade realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como de facer o seguimento e control das axudas concedidas.

c) Obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Obriga de destinar o novo vehículo a prestar o servizo de taxi no municipio da Comunidade Autónoma de Galicia en que estea domiciliada a autorización VT-N do solicitante, e adscribir o vehículo a esta.

Non obstante o anterior, o beneficiario poderá substituír o vehículo subvencionado por outro de características semellantes, sempre que concorran circunstancias que así o xustifiquen e a dita substitución sexa expresamente autorizada pola Dirección Xeral de Mobilidade e polo concello.

e) Obriga de incorporar nun lugar visible do/s vehículo/s adquirido/s unha referencia expresa a que a adquisición do vehículo foi subvencionada pola Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

f) Obriga de manter a titularidade do vehículo e o seu destino efectivo á actividade de taxi durante, ao menos, cinco (5) anos, agás no suposto de que, logo de autorización, se substitúa por outro de condicións análogas.

g) Obriga de conservar en bo estado o vehículo adquirido.

Requisitos

a) Terán que estar domiciliadas en Galicia.

b) Deberán estar vixentes no momento da presentación da solicitude.

c) Xerará dereito á axuda cada unha das autorizacións das cales sexa titular a persoa solicitante, agás no suposto de que para a mesma autorización a persoa interesada acadase a condición de beneficiario/a con base en convocatorias anteriores de axudas efectuadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para esta mesma finalidade.

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Mobilidade

NORMATIVA

Orde do 26 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (eurotaxi) e se convocan para o exercicio 2019 (tramitación anticipada) (DOG nº 239 do 17 de decembro de 2018).

Ligazón á normativa

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181217/AnuncioG0533-041218-0003_gl.html

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 2 de xaneiro de 2019 e finalizará o día 13 de outubro de 2019.

Non obstante, se o crédito dispoñible se esgotar antes desa data, anunciarase esta circunstancia a través da páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, na epígrafe de Mobilidade, de acordo co establecido no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En tal caso, as solicitudes

que se reciban despois deste anuncio e ata o 13 de outubro de 2019 quedarán en reserva, e poderán, se é o caso, ser subvencionadas ben co crédito que quede libre, de se producir algunha renuncia por parte das persoas beneficiarias, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a estas axudas.